

*Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2005, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de capacidade competitiva os comerciantes dunha área comercial determinada, en desenvolvemento do Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego.*

O comercio exerceu historicamente un indubidable papel cohesionador da vida económica e social das cidades, o tempo que serve de garante no mantemento dunha oferta comercial ampla e de calidade nas zonas urbanas, non obstante resulta complexo se esas zonas non se fan o suficientemente atractivas. É un feito que a especialización e a mellora do nivel de servizo son aspectos esenciais para mellorar a competitividade do comercio urbano. Por isto no Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego, inclúe un programa específico: «Ordenación territorial do comercio», que recolle un conxunto de medidas entre as que é de subliñar: promoción de centros comerciais abertos como fórmulas modernas e actuais dentro das nosas cidades, e as actuacións nas concentracións comerciais e nos espazos de interese comercial que non responden ao modelo de centro comercial aberto, pero que non obstante cumpren un indubidable servizo en canto á diversificación da oferta e á satisfacción das necesidades cotiás da poboación residente.

O contido desta orde de axudas axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), que recolle o réxime de axudas rexionais autorizado pola Unión Europea.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e proceder a convocatoria para a concesión de axudas o subvencións para o ano 2005, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a fomentar unha oferta comercial ampla e de calidade en zonas onde a demanda está estancada, o que resulta complexo se esas zonas comerciais non se fan o suficientemente atractivas para os consumidores.

2. Poderán beneficiarse das axudas obxecto desta orde, as asociacións de comerciantes de carácter territorial, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas, e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia ou ben calquera outra entidade representativa das pequenas e medianas empresas comerciais sen fins de lucro,

no ámbito territorial e que pretendan levar a cabo proxectos de interese e transcendencia para o sector comercial no territorio galego.

3. Cando o beneficiario sexa unha agrupación de persoas físicas ou xurídicas deberase facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada unha das entidades, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Nestes casos, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir as obrigas, que como beneficiario, corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 23 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

4. Será incompatible a presentación de expedientes de subvención polo mesmo solicitante para a percepción de axudas recollidas nesta orde e na Orde do 16 de febreiro de 2005, de promoción, distribución e loxística comercial.

5. Os solicitantes non poderán estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 2.-Actuacións subvencionables.

1. Considéranse subvencionables as seguintes actuacións:

a) Actuacións para a creación, potenciación e consolidación de centros comerciais abertos (tales coma a realización de estudos, unidades xerenciais, creación e desenvolvemento de sistemas de fidelización, elementos de sinalización comercial, formación, promoción e animación comercial).

O investimento máximo subvencionable será de 150.000 euros, non obstante ningunha das accións que integran o proxecto poderá superar o 40% do orzamento total presentado.

b) Actuacións en concentracións comerciais nos espazos de interese comercial que non responden ao modelo de centro comercial aberto, por non contar cun número suficiente de empresas instaladas e unidade de imaxe e de xestión, como rúas ou eixes comerciais, zonas urbanas comerciais, centros comerciais de barrio etc...., que constitúen tamén unha forma de centralidade comercial e prestan un indubidable servizo en canto á diversificación da oferta e satisfacción das necesidades cotiás da poboación residente (tales coma elementos de sinalización comercial, formación, promoción e publicidade comercial, equipamentos e instalacións de organismos intermediarios, etc.).

O investimento máximo subvencionable será de 75.000 euros, non obstante ningunha das accións que integran o proxecto poderá superar o 40% do orzamento total presentado.

c) Actuacións concretas realizadas polas asociacións de comerciantes tales como: cursos de formación, actividades de información e orientación

comercial, creación de gabinetes de asistencia técnica, organización de conferencias, xornadas técnicas, mesas redondas, etc., que aborden aspectos fundamentais da distribución comercial, ou afonden en temas monográficos que contribúan a sensibilizar os comerciantes para a súa adaptación á evolución do sistema distributivo.

O investimento máximo subvencionable será de 30.000 euros.

As cantidades fixadas nas alíneas anteriores a) e b) poderán ser modificadas en función da fase de implantación en que se atope o proxecto presentado.

2. Non terán carácter subvencionable os impostos recuperables ou repercutibles polos beneficiarios.

3. Entenderanse como actuacións subvencionables todas as accións realizadas entre o 1 de xaneiro do 2005 e a data límite de presentación da xustificación, de acordo co establecido no artigo 8º desta orde.

4. Aquelas actuacións subvencionables realizadas a partir da data de finalización do prazo límite para a xustificación dos investimentos da orde de convocatoria do exercicio anterior e ata o 31 de decembro, e en función da especial natureza das mesmas, poderán acollerse ás axudas previstas nesta disposición.

Artigo 3º.-Contía e ámbito.

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde, serán con cargo a aplicación orzamentaria 08.04.521-V.780.1 «Actividades de revitalización comercial», destinándose para o financiamento a cantidade de 2.500.000 euros.

Aplicación orzamentaria: 08.04.5 21-V.780.1.

Ano 2005: 2.500.000.

Estas contías poderán incrementarse en función das peticións presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

2. As porcentaxes de subvención que se aplicarán serán as seguintes:

a) Poderán alcanzar ata o 70% do investimento máximo subvencionable aprobada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo, as actuacións recollidas na alínea a) punto 1º do artigo anterior.

b) As actuacións recollidas nas alíneas b) e c) do punto 1º do artigo anterior poderán acadar ata o 50% do investimento máximo subvencionable, aprobado pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

3. Estas porcentaxes poderán ser modificadas en función da fase de implantación en que se atope o proxecto presentado.

4. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais supere o 90% do investimento subvencionable.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes deberán dirixirse ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que subscribiron convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración autónoma de Galicia.

2. A solicitude de subvención, segundo o modelo normalizado do anexo I, deberá xuntarse por duplicado a documentación que de seguido se relaciona, en orixinal ou copia compulsada polo menos unha delas:

a) Acta e estatutos de constitución, con acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, se o houbese, e modificacións posteriores, así como o CIF. No caso de solicitudes para a consolidación dun centro comercial aberto deberá presentarse a acta de constitución do mesmo, estatutos e documentación acreditativa de estar inscritos no rexistro correspondente, acompañada da relación de socios adscritos o centro comercial aberto.

b) Poder suficiente do representante da entidade solicitante.

c) Memoria de cada unha das actividades para as que se solicita subvención, que incluírá polo menos, a súa descrición, obxectivos, lugares e datas previstas de realización, número e características dos participantes e beneficiarios.

d) Orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as que se solicita subvención, e/ou factura pro forma da actividade ou adquisición que se vai subvencionar por quen vaia subministrar o ben ou prestar o servizo.

e) Certificado expedido polo secretario da asociación que acredite o número de asociados que estean dados de alta, concretando, se é o caso, as empresas ou entidades participantes no proxecto ou actuacións que se van desenvolver, das que se xuntará unha relación detallada en soporte informático, que incluírá o nome do titular e do establecemento, persoa de contacto, enderezo, teléfono e fax.

f) Orzamento do exercicio corrente.

g) Declaración expresa sobre a concesión, ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais, así como de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo modelo normalizado establecido no anexo II desta orde.

h) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade

Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

3. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 15 de abril de 2005.

#### Artigo 5º.-Instrución e resolución.

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución dos procedementos que se tramiten ao amparo do disposto nesta orde.

2. Se a solicitude e/ou a documentación que se xunta non reúnen os requisitos establecidos no artigo 4º desta orde, á entidade solicitante será requirida para que, no prazo de dez días, contados a partir do seguinte á recepción do devandito requirimento, emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixer, se considerará desistido da súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os órganos administrativos encargados do procedemento poderán reclamar das entidades solicitantes a documentación adicional que consideren oportuna.

4. Revisados e completados, se é o caso, os expedientes, o órgano instrutor deberá emitir, coma paso previo á valoración un informe relativo ao cumprimento dos requisitos que para os solicitantes se establecen no artigo anterior.

Unha vez revisadas as solicitudes polo órgano instrutor, procederá a súa valoración por unha comisión de valoración, constituída para o efecto e que estará integrada por un xefe de servizo, un xefe de sección, e un técnico da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

5. O conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, á vista dos informes de avaliación, ditará a resolución de concesión ou denegación da axuda ou subvención que proceda.

6. As resolucións de concesión ou denegación das axudas ou subvencións serán motivadas e expresarán, polo menos, o obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda ou subvención concedida e a contía desta, ou se é o caso, o motivo da denegación.

O beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, e para os únicos efectos da optimización dos fondos dispoñibles. No caso contrario entenderase que renuncia á axuda ou subvención concedida e se procederá de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda ou subvención formalízase mediante un documento asinado polo benefi-

ciario no cal se compromete a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde da convocatoria de axudas e, se é o caso, na resolución de concesión desta.

7. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O vencemento do prazo máximo sen se ter notificado a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

#### Artigo 6º.-Criterios de selección dos proxectos.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, comercial e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión e contía das subvencións, relacionados por orden decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. Programas de dinamización territorial que establezan aquelas zonas ou eixes comerciais con potencial real para configurarse como centros comerciais abertos, ou aquelas áreas territoriais ou sectores que se atopen en procesos de cambio acelerado para a introdución de novos formatos de competencia.

2. O grado de execución e, se é o caso, o de cumprimento das axudas ou subvencións concedidas en exercicios anteriores en materia de comercio.

3. Que o número de empresas participantes no proxecto, así como o seu esforzo económico e o seu grao de participación nel sexan especialmente relevantes.

4. Que concorran o concello e/ou outras administracións ou institucións no desenvolvemento do proxecto.

5. Calidade e rigor na elaboración do proxecto, así como o seu carácter innovador.

#### Artigo 7º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos poderán dar lugar a modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

b) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

c) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

3. O beneficiario deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, que irá acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no punto anterior, cun límite de 20 días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente logo de instrución do correspondente expediente, no cal se lles dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

#### Artigo 8º.-Xustificación e prazo dos investimentos.

1. As subvencións concedidas faranse efectivas unha vez que se presenten, preferentemente en orixinal ou se é o caso copia compulsada, os documentos que de seguido se relacionan:

a) Os que acrediten a realización das actuacións obxecto desta orde, xunto cunha memoria explicativa de cada unha das accións realizadas, así como facturas segundo relación nominativa agrupadas por actuacións subvencionables, segundo corresponda e facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto e importe en euros.

b) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades da aplicación dos fondos a finalidade para que foron concedidos.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, para a mesma finalidade tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades públicas ou privadas nacionais ou internacionais.

d) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento de ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

O disposto nas alíneas anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

2. Os órganos competentes da Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideran convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala poderá entenderse que renuncia a axuda.

3. A falta de presentación da xustificación implicará a anulación da subvención concedida.

4. A documentación acreditativa do investimento obxecto de subvención deberán ser presentada polo beneficiario, no rexistro xeral da Consellería de Innovación, Industria e Comercio ou a través dalgunha das formas establecidas no artigo 38.4º da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, con data límite o día 31 de outubro de 2005.

#### Artigo 9º.-Pagamento da subvención.

1. O libramento da subvención farase nun único pagamento unha vez xustificado o investimento, mediante transferencia bancaria, para o cal se lle unirá a documentación de xustificación, certificación expedida pola propia entidade bancaria en que conste código de banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente onde se debe realizar o aboamento.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, excepcionalmente poderá efectuarse un único anticipo de pagamento da subvención concedida con suxeición ao establecido nos artigos 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia.

O referido anticipo de pagamento, soamente poderá solicitalo o beneficiario dunha subvención cuxo obxecto sexa a realización das accións recollidas no punto 1 a) do artigo 2º da orde de convocatoria. O anticipo de gasto aprobarase exclusivamente para os gastos recollidos no artigo 2º.4 e os realizados ata o momento da concesión, que se deberán acreditar debidamente.

O anticipo no poderá superar o 50% da subvención concedida, e sen que en ningún caso se superen os 30.000 euros, sempre que se garanta a consecución final da totalidade do obxecto do proxecto presentado e aprobado mediante resolución motivada da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da súa concesión e sempre que estea garantida a consecución do obxecto.

#### Artigo 10º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao amparo do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra delas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que estimen procedente.

**Artigo 11º.-Obrigas do beneficiario.****Son obrigas do beneficiario:**

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deberá efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

**Artigo 12º.-Reintegro das axudas ou subvencións.**

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda ou subvención concedida, e procederá ao reintegro total ou parcial da contía percibida, xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación, ou xustificación insuficiente nos termos do artigo 30 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impidan.

c) Incumprimento da finalidade, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda ou subvención.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido en supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvención ou axudas doutras administracións públicas ou de outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima de subvención que se establece no artigo 3.4º desta orde.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

**Artigo 13º.-Fiscalización e control.**

1. A concesión das axudas e subvencións reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. A Consellería de Innovación, Industria e Comercio poderá realizar en calquera momento as inspeccións que considere oportunas sobre os investimentos realizados

**Artigo 14º.-Réxime xurídico.**

No non previsto nesta orde aplicarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o establecido nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de rexime financeiro e orzamentario de Galicia, modificados parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para cada exercicio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 15º.-Réxime sancionador.**

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvenciones reguladas nesta orde se sancionarán de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado parcialmente pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

**Artigo 16º.-Publicación.**

Unha vez resolta a convocatoria das axudas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* a relación de solicitudes concedidas con indicación da entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

*Disposición derradeira*

Facúltase o director xeral de Comercio e Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2005.

Juan Rodríguez Yuste  
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,  
INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS EN REVITALIZACIÓN URBANÍSTICO-COMERCIAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN215A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		DOMICILIO				
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX		
CIF	DATOS BANCARIOS	BANCO	OFICINA	DC	Nº DE CONTA	

## E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

## EXPÓN:

Que considerando que reúne os requisitos exixidos segundo se mostra na memoria programa e demais documentos que se xuntan, e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita unha subvención para as actuacións que a continuación se relacionan:

FINALIDADE DO INVESTIMENTO: \_\_\_\_\_

ORZAMENTO DO INVESTIMENTO \_\_\_\_\_

CONTÍA SOLICITADA (euros) \_\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/>	ESTATUTOS, ACTA DE CONSTITUCIÓN, MODIFICACIÓNS POSTERIORES SE É O CASO E ACREDITACIÓN DA SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE E CIF.
<input type="checkbox"/>	PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE.
<input type="checkbox"/>	MEMORIA-PROGRAMA DETALLADO, ORZAMENTO DESAGREGADO E PLAN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO OU ACTUACIÓN QUE SE VAI DESENVOLVER.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADO EXPEDIDO POLO SECRETARIO DA ASOCIACIÓN QUE ACREDITE O NÚMERO DE ASOCIADOS QUE ESTEAN DE ALTA E RELACIÓN EN SOPORTE INFORMÁTICO DAS EMPRESAS PARTICIPANTES NO PROXECTO.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE NINGUNHA DÉBEDA COA XUNTA DE GALICIA.
<input type="checkbox"/>	ORZAMENTO DO EXERCICIO CORRENTE E BALANCE DE SITUACIÓN.
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS E DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 13 DA LEI XERAL DE SUBVENCIÓNS (ANEXO II).

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases e se procede á convocatoria para o ano 2005, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro para actuacións en revitalización urbanístico-comercial, así como aquelas accións que doten de capacidade competitiva os comerciantes dunha área comercial determinada, en desenvolvemento do plan de mellora da competitividade para o comercio galego.*

SINATURA DO SOLICITANTE E SELO DA ENTIDADE

de de 200

Excmo. Sr. Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		
		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

**DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DE SOLICITUDE E DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003**

D. \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ en calidade de \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_  
 Comparece como titular ou en representación da empresa \_\_\_\_\_

**DECLARA** (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitado subvencións ou axudas para o proxecto obxecto de solicitude.
- Ter solicitado axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto de solicitude:

CONVOCATORIA <sup>(1)</sup>	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE <sup>(2)</sup>	S/C/P <sub>(3)</sub>	DATA	IMPORTE

<sup>(1)</sup> Indicar a Orde de convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

<sup>(2)</sup> De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

<sup>(3)</sup> Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo comprométo-me a comunicar á Dirección Xeral de Comercio e Consumo calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s subvención/s correspondente/s á presente solicitude.

- Igualmente declaro baixo a miña responsabilidade non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN  
LOCAL**

*Orde do 18 de febreiro de 2005 pola que se dispón a publicación da modificación dos estatutos da Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño.*

A Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño tramitou unha modificación dos seus estatutos; tendo en conta a súa entidade, co obxectivo dunha maior seguridade xurídica, levouse a efecto un novo texto íntegro dos ditos estatutos, que foron aprobados de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 143 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e no cal se seguiron os trámites que se sinalan a seguir:

Primeiro.-A proposta de modificación dos estatutos foi aprobada pola Asemblea da Mancomunidade, en sesión celebrada o 20 de maio de 2004.

Segundo.-Con data do 24 de xuño de 2004, a Dirección Xeral de Administración Local emitiu informe sobre a modificación dos estatutos da Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño, no que se fixeron constar diversos extremos.

Terceiro.-Cumpriuse o trámite previsto no artigo 143.1º b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no que se refire á Deputación Provincial de Ourense.

Cuarto.-Os estatutos foron expostos a información pública durante o prazo dun mes, no BOP nº 143, do 24 de xuño de 2004.

Quinto.-Constan certificacións dos acordos relativos á aprobación definitiva da modificación dos estatutos.

Sexto.-A mancomunidade remite unha copia do texto dos estatutos para a súa íntegra publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por todo isto, o conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

*DISPÓN:*

A publicación íntegra dos estatutos modificados da Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 143.1º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que se recollen como anexo desta orde e que substituirán os anteriores.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2005.

Jesús Carlos Palmou Lorenzo  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración  
Local

*ANEXO*

Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, no seu capítulo II, establece que os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común de obras, servizos ou actividades da súa competencia e, en consecuencia, os concellos comprendidos no ámbito de actuación da comarca do Carballiño deciden a constitución dunha mancomunidade de municipios conforme os seguintes estatutos:

Disposicións xerais

Artigo 1º.-Denominación.

Os municipios de Beariz, Boborás, O Irixo, Maside, Piñor, Puxín, San Amaro e San Cristovo de Cea, pertencentes á provincia de Ourense, asócianse voluntariamente constituíndo unha mancomunidade baixo a denominación de Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño.

Artigo 2º.-Personalidade e capacidade.

A Mancomunidade de Municipios da Comarca do Carballiño, como entidade local, goza de plena personalidade e capacidade xurídica co obxecto de cumprir os fins da súa competencia establecidos nestes estatutos e de conformidade co establecido na lexislación vixente sobre réxime local. En consecuencia, poderá adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar, e allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer, xestionar e explotar os servizos propios da súa competencia, obrigarse, interpoñer recursos e exercer as accións que considere conveniente sen máis limitacións que as previstas na normativa vixente e as normas derivadas da natureza da mancomunidade e das contidas nestes estatutos, a imposición de exaccións e a aprobación de tarifas e prezos públicos exixibles pola prestación dos servizos mancomunados.

Artigo 3º.-Domicilio social.

A sede ou domicilio social da mancomunidade radicarán na vila do Carballiño, sen prexuízo de que, por razóns de economía e eficacia, os distintos servizos poidan situarse nos diferentes termos municipais que a compoñen.

Artigo 4º.-Ámbito territorial.

O ámbito territorial onde a mancomunidade desenvolverá os seus fins será o dos termos municipais dos municipios mancomunados.

Fins da mancomunidade

Artigo 5º.-Fins.

Os fins da mancomunidade que se establecen en principio son:

a) Conservación de estradas e camiños locais.